


As principais variedades de castaña galega



'Amarelante'



'Blanca'



'Calva'



'Famosa'



'Garrida'



'Inxerta'



'Longal'




'Loura'




'Luguesa'



'Negral'




'De Parede'



'De Presa'



'Raigona'



'Rapada'



'Ventura'



'Verdella'

As variedades galegas da castaña foron multiplicadas por enxerto e cultivadas nos soutos durante séculos co obxectivo de producir castaña destinada á manutención das persoas e tamén do gando. En cada souto enxerábanse de tres a cinco variedades diferentes ou máis, coa finalidade de obter produtos óptimos para as diferentes formas de consumo (castaña asada, cocida ou seca); para realizar a colleita durante un período o máis amplo posible, dende finais de setembro ou primeiros de outubro ata mediados de novembro; para asegurar as producións, pois hai variedades aneiras e variedades que se manteñen produtivas todos os anos, etc.

Os vellos soutos que se conservan ata a actualidade en Galicia foron creados maiormente para fornecer de alimento unha sociedade de autoconsumo. Unha das súas características é a diversidade na súa composición varietal e intravarietal. Como consecuencia desta diversidade os lotes de castaña que se recollen nos vellos soutos son mesturas de variedades con características tecnolóxicas moi variables que en mesturanza non son aptas para a transformación en industria e son pouco valoradas para a venda en fresco. Nalgunhas zonas de soutos, como en Valdeorras hai moitas décadas, e no suroeste de Ourense, en datas máis recentes, houbo unha certa evolución da estrutura varietal dos soutos, e propagáronse as variedades locais máis valoradas no mercado.

Aínda que algunhas variedades como a 'De Parede', a 'Rapada', a 'Amarelante' e a 'Luguesa' se cultivan en varias comarcas, en xeral, as variedades galegas teñen unha distribución xeográfica de rango limitado, e varía a composición varietal dos soutos de comarca en comarca. A variedade 'De Presa' atópase só na montaña lucense, a variedade 'Garrida' na meseta lucense, a variedade 'Negral' en Valdeorras, a variedade 'Amarelante' na Terra de Trives, as variedades 'Famosa', 'Ventura' e 'Longal' no extremo suroeste da provincia de Ourense. Esta diversidade varietal debe ser conservada e pode ser útil, pero é tamén o motivo de que as producións de castaña de certas variedades demandadas pola industria non sexan as suficientes para ser a materia prima de procesos de transformación baseados nelas.

Un dos obxectivos da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia é promover a creación de novos soutos destinados a producir cantidades importantes de lotes de castaña uniformes, de variedades adaptadas aos principais usos actuais, que son fundamentalmente o pelado en industria e a venda en fresco. O proxecto "Cambio da estrutura varietal dos soutos para revalorizar a produción da IXP Castaña de Galicia", FEADER 2010/2, do Consello regulador IXP Castaña de Galicia, co Centro de Investigación Forestal de Lourizán como entidade colaboradora, ten como finalidade elixir as variedades coas mellores características, así como os seus polinizadores, e estudar a súa adaptabilidade en diferentes zonas da IXP. As variedades consideradas de maior interese son: a 'Amarelante', a 'Famosa', a 'Garrida', a 'Longal', a 'Negral', a 'De Parede', a 'Ventura' e a 'Xudía'.

Proxecto FEADER 2010/2: Cambio da estrutura varietal dos soutos para revalorizar a produción da IXP Castaña de Galicia (2010-2013).

J. Fernández López e M.P. Furones Pérez (2011). Tamaños, formas e cores das principais variedades de castaña galega na súa vista frontal.